

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE 15 DE MAIO

2.- Solicitudes de licenzas de obras.

FAVORABLES.

1071/05.- Rosa Moure Vieiro e D. Ricardo Salgado Álvarez.- Viv. unif. en R/ Amio núm.2.

RECURSO REPOSICIÓN.

141/06.- José Varela Blanco.- Legalización de construcións existentes na finca de súa propiedade sita no Lugar da Sionlla, Formarís s/n. (D).

2598/05.- M^a del Carmen Paz Míguez e D. Manuel Fco. Míguez Ben.- Contra legalización das modificacións executadas na edificación sita na R/ Neira de Mosquera núm.8 (D).

2598/05.- M^a del Carmen Paz Míguez e D. Manuel Fco. Míguez Ben.- Contra o acordo de rexeitamento das solicitudes de suspensión dos efectos da licenzia concedida na R/ Neira de Mosquera núm.8 (D).

PRÓRROGA.-

432/06.- Santiago Sur, S.L.- Construcción edificio na parcela E do SUP-4 de Conxo (+).

MODIFICACIÓN DE PROXECTO DE OBRAS DE URBANIZACIÓN.

336/99.- Emprosal 16, S.A., repr. por D. Fco Álvarez Montero.- 8 viv. unif. no Lugar de Vilastrexe, Vilestro (+).-

APERTURAS.-

Lap/96/06.- Pilar Encarnación Branco Illodo, en repr. de Urban Mahía S.L.- licenzia de funcionamento de garaxe comunitario en R/ Choupana, parcela 10 (A-B) do quintero 15 no Polig. 2 do SUP-5.

Lap/52/06.- Pablo Vilas García.- Apertura de Restaurante na R/ Arribadas núm.9.-

7.- Proposta da concelleira delegada de Rehabilitación do Casco Histórico relativa á concesión de axudas á rehabilitación de vivendas e locais do casco histórico.

Nº EXPTE.	SOLICITANTE	ENDEREZO OBRAS	SUBVENCIÓN
2005-130	Juan José García Barreiro	R/ Carme de Abaixo, 1-2	29.734,20
2005-75	M ^a Soledad Tojo Mosquera, en representación da comunidade de propietarios	Calzada de San Pedro, 14	3.429,24
2003-1093	Elena González Ferreiro	Praza de Mazarelos, 11-1º	9.711,51
2003-1048	M ^a Jesús Abraldes Iglesias	Rúa San Lourenzo, 32	7.377,81

8.- Adxudicación das Obras de Renovación dos pavimentos nas rúas Lino Villafínez e Modesto Brocos.

Adxudícanse as obras á empresa OVIGA S.L, por un importe de 149.820 euros e cun prazo de seis semanas.

9.- Adxudicación das Obras de pavimentación do acceso a SOGAMA desde a N-550

Adxudícanse as obras á empresa EULOGIO VIÑAL OBRAS E CONSTRUCCIÓN, por un importe de 343.345,57 euros por un período de execución de 20 días.

10.- Adxudicación da asistencia técnica para o control e mantemento das aulas de informática dos centros socioculturais

Adxudícase a asistencia técnica á empresa Level Telecom por 89.500 euros.

11.- Proposta da concelleira delegada de Reforma Administrativa relativa á adxudicación dunha asistencia técnica para a redacción dun plan para a implantación dun sistema de información xeográfica municipal

Adxudícase a asistencia técnica á empresa TAO, por un importe de 8.584 euros.

12.- Proposta da concelleira delegada da UMAD relativa á Contratación dun docente para o desenvolvemento do proxecto socio-educativo da UMAD

Apróbase a contratación da profesora de adultos Ángela Gippini Pose, por un importe de 12.010 euros.

13.- Proposta da concelleira delegada de Educación e Mocidade relativa á adxudicación do Servizo de vixilancia, limpeza e conservación do Colexio Público MONTE DOS POSTES desde o 15 de maio ao 15 de outubro de 2006

Adxudícase o devandito servizo a Isidro Conde Santos, por un importe de 1.650 euros/mes.

14.- Proposta conxunta dos concelleiros delegados de Réxime interior e de Infraestruturas relativa á aprobación do prego e inicio do expediente de contratación do Subministro dun rodillo articulado a péndulo para a Brigada municipal de Vías e Obras.

Apróbase o prego e iníciase o expediente, cun tipo de licitación de 28.000 euros.

15.- Proposta da concelleira delegada de Educación e Mocidade relativa á prórroga do contrato para a xestión do servizo da Escola Municipal de Música de Santiago.

Acórdase prorrogar o contrato por un ano lectivo máis á empresa Troveiro SL.

16.- Proposta do concelleiro delegado de Tráfico relativa á adxudicación do subministro dos reguladores semafóricos para os pasos de peóns de San Lázaro, Meixonfrío e Camiño Francés.

Adxudícase o subministro dos devanditos reguladores semafóricos á empresa UTE SAINCO TRÁFICO DAVIÑA, por un importe de 14.306 euros.

17.- Dar conta do cambio de denominación dunha empresa a efectos das relacións xurídicas co Concello.

Dáse conta do cambio de nome da empresa TÉCNICA DE APARCAMIENTOS URBANOS S.L., que pasa a denominarse ACCIONA APARCAMIENTOS S.L.

18.- Proposta do concelleiro delegado de Promoción Económica, Emprego, Comercio e Mercados relativa á ampliación do acordo da Xunta de Goberno Local de data 20-2-2006 relativo ao apoio dun proxecto empresarial para a súa cualificación como iniciativa local de emprego.

Concrétase o devandito apoio ó proxecto empresarial VIVANSA SIGLO XXI S.L., coa autorización do uso de instalacións para as súas actividades formativas e co acceso ás actividades formativas realizadas polo Concello de Santiago.

19.- Proposta do concelleiro delegado de Promoción Económica e Emprego, relativa á contratación laboral temporal, mediante contrato para obra ou servizo determinado dun técnico local de emprego.

Apróbase o inicio do proceso de selección do devandito técnico local de emprego.

20.- Proposta da concelleira delegada de Persoal e Réxime Interior relativa á provisión dun posto de arquitecto para o servizo de licenzas e disciplina urbanística, sección de licenzas de obra.

Acórdase a provisión do posto mediante un funcionario interino ata a cobertura da praza de xeito definitivo.

21.- Proposta da concelleira delegada de Persoal, Réxime Interior e Reforma Administrativa relativa á contratación dun enxeñeiro técnico en informática.

Acórdase a contratación do devandito enxeñeiro técnico en informática para a actualización do sistema de xestión contable e orzamentaria por doce meses.

22.- Proposta conxunta dos concelleiros delegados de Mercados, Festas e Deportes, relativa á contratación do programa da feira cabalar da Ascensión 2006.

Apróbase a devandita contratación por un importe de 11.878 euros.

23.- Proposta do concelleiro delegado de Promoción Económica e Emprego relativa á liquidación da 1ª gala do comercio "Compostela capital de compras"

Apróbase a liquidación e a liberación de crédito correspondente.

24.- Revisión de prezos do contrato de limpeza, vixilancia e conservación de colexios públicos e polideportivos nos centros de Santiago.

Acórdase a actualización dos prezos de todos estes contratos.

26.- Proposta da concelleira delegada de Benestar Social relativa á aprobación de diversos convenios de carácter social entre o concello e diversas entidades.

Apróbanse os convenios coa Asociación Síndrome de Down (1.502 euros), coa Asociación Aspas (3.005 euros) e co Centro Xoán XXIII (5.950 euros).

27.- Proposta do concelleiro delegado de Deportes relativa á aprobación do convenio entre o Concello de Santiago e o Club A. Lobelle para as temporadas 2005-06 e 2006-07, 2007-08 e 2008-09.

Apróbase o devandito convenio de colaboración, no que a achega municipal será de 150.000 euros en cada unha das catro temporadas.

28.- Aprobación da liquidación de TRAP,S.A. correspondente ao período de 1 de xaneiro ao 14 de febreiro de 2006.

Apróbase a devandita liquidación.

29.- Proposta do concelleiro delegado de Urbanismo relativa á aprobación definitiva da unidade de xestión número 15 (UX-15) de Picaños.

Apróbase definitivamente o proxecto de compensación, sen modificación respecto do documento aprobado inicialmente pola Xunta de Compensación o 15 de febreiro de 2006.

30.- Proposta do concelleiro delegado de Urbanismo relativa á aprobación definitiva do Modelo Xeral de Estatutos e Bases de Actuación das Xuntas de Compensación que se constitúan no Concello de Santiago de Compostela.

Apróbase definitivamente o devandito modelo, sen modificacións respecto do aprobado inicialmente o 20 de marzo de 2006.

31.- Proposta do concelleiro delegado de Urbanismo relativa ao cambio de sistema de actuación no polígono da Ordenanza especial número 5 (OE-5) de Galeras.

Acórdase someter a información pública, por un período de 20 días, a proposta formulada por GALERAS-ENTRERRÍOS S.L. para a substitución do sistema de cooperación polo de concerto na execución do polígono.

32.- Proposta do concelleiro delegado de Urbanismo para dar conta da presentación do documento refundido da Delimitación da área de execución integral B (AEI-B) do PERI-5 de San Lázaro.

Dáse conta da presentación do citado documento.

33-66.- Diversas propostas do concelleiro delegado de Facenda e Orzamentos relativa a beneficios fiscais no Imposto de construcións, instalacións e obras e no Imposto de bens inmobles.

Concédense os devanditos beneficios fiscais ás 37 propostas presentadas.

67.- Propostas do concelleiro delegado de Facenda relativas a diversas solicitudes de beneficios fiscais nas taxas polo saneamento e depuración de augas residuais e pola prestación do servizo de recollida e tratamento de residuos sólidos urbanos e no ICIO.

Concédense os beneficios fiscais ás solicitudes presentadas.

68.- Dar conta da sinatura do convenio de colaboración entre o Concello de Santiago de Compostela e a Fundación "Españois no mundo" de Uruguai, 2006.

Dase conta da sinatura do convenio, polo que o Concello achega 3.000 euros para a realización dun estudio para coñecer en profundidade a situación económica dos santiagueses residentes en Uruguai.

69.- Dar conta da sinatura do convenio de colaboración entre o Concello de Santiago e a Fundación "Españois no mundo" de Arxentina, 2006.

Dase conta da sinatura do convenio, polo que o Concello achega 7.500 euros para a realización dun estudio para coñecer en profundidade a situación económica dos santiagueses residentes en Arxentina.

71.- Dar conta da sinatura do convenio de colaboración entre INCOLSA-TURISMO DE SANTIAGO e a SOCIEDADE DE XESTIÓN DO PLAN XACOBEO.

Dase conta da sinatura do convenio, que senta as bases para a colaboración entre o XACOBEO e INCOLSA para o desenvolvemento do proxecto de promoción de Santiago de Compostela no marco das Cidades Santas.

URXENCIAS

-Aprobación provisional do Plan de Sectorización do SUNP-32 1º sector. Monte Medorra-Bando denominado Cidade da Imaxe.

-Aprobación da renovación de dúas operacións de Tesourería co BBVA por un montante de 3,45 millóns de euros.

-Aprobación da prórroga do mantemento do sistema informático municipal de 21.692 euros, adxudicada á empresa Tecnocontrol SA.